

galicia

A Mariña
Lucense



XUNTA DE GALICIA

_GL



Introdución

Como ocorre con moitas bisbarras naturais ou históricas, non existen límites fixos para circunscribir un espazo de complexas e intricadas relacións naturais e sociais como A Mariña. Nesta guía a bisbarra aparece como un territorio composto por 16 municipios, que ocupa todo o norte da provincia de Lugo: Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, cun total de 1462 km² e 76 856 habitantes en 2005. Unha elevada diversidade interna, enlazada con notables fluxos físicos, humanos e económicos fundamenta o seu grande atractivo turístico. Existe unha característica dualidade interna, dúas "Mariñas" ben diferenciadas, tanto a nivel físico coma humano e económico: a costeira e a de interior. A costa mixta, de rías e tramos nos que se suceden espectaculares acantilados e enseadas areentas, está conectada coas serras litorais mediante vales de certa importancia que permitiron o desenvolvemento florecente de actividades agropecuarias e protoindustriais, ademais de acoller unha riqueza natural e paisaxística que chega aos nosos días máis ou menos transformada polo ser humano. As serras litorais, a pesar de

que non presentan un porte de alta montaña, atesouran modelados e paisaxes que parece que responden a altitudes maiores, con vales de orixe glaciar e extensas turbeiras derivadas doutras épocas climáticas.



Serra do
Xistral



A Mariña constituíu sempre unha área emprendedora desde o punto de vista das actividades económicas. Explotacións mineiras, transformación de materias primas, ferrarías, industria téxtil ou establecementos de transformación relacionados co mundo do mar, fixeron destas terras un referente industrioso galego e español, fundamentado na vida das súas principais vilas e centros de poder. A bisbarra serviu sempre de ponte entre a cornixa Cantábrica e a Galicia occidental, e iso permitiulle

aproveitar os dous mercados e as posibilidades de progreso que ambas as dúas ofreceron de xeito desigual. Derivada desta localización existen importantes vías de comunicación entre as que destacan a estrada N-634, Santiago-Irún, que enlaza Galicia co resto do continente pola costa cantábrica; a N-640, Lugo-Castropol, que une a capital provincial co leste da bisbarra; a comarcal-nacional 642, a chamada Estrada da Costa, que de Ferrol a Barreiros percorre a costa norte galega e o ferro-



Playa de As Catedrais

carril costeiro de vía estreita Ferrol-Bilbao, con 25 estacións e apeadeiros ao longo da costa da bisbarra, que tamén constitúe unha arteria principal de chegada e saída para A Mariña. Vinculado a esta liña de ferrocarril, non podemos deixar de mencionar a posibilidade de acceder a esta área da costa galega por medio da oferta de viaxe que supón o tren Transcantábrico. Un produto turístico de FEVE que nos ofrece a posibilidade de coñecermos, nun tren perfecta-

mente acondicionado, o litoral do mar Cantábrico coas súas encantadoras paisaxes de praias e acantilados, as súas vilas e cidades.

A dinámica poboacional deste territorio estivo sempre moi condicionada pola emigración. A tradicional sangría demográfica da emigración a América, a Europa, ás principais cidades españolas e ás sete cidades galegas supuxo perdas forzosas de efectivos que envelleceron a poboación e que aínda continuando se ven parcialmente compensadas



polos retornos. Na actualidade, aínda que perde peso no conxunto rexional, A Mariña constitúe un referente demográfico positivo para a provincia lucense. Fronte ao saldo negativo de conxunto, agravado nos municipios do interior, aumenta a poboación na costa e, especialmente, algúns dos principais núcleos reitores comarcais como Ribadeo, Foz e Burela. A xerarquía urbana vén marcada pola inexistencia dun núcleo dominante, e a articulación do territorio queda repartida en varias vilas con especializacións económicas diferenciadas. Os principais núcleos administrativos son Viveiro, Ribadeo e Mondoñedo, pero tamén Foz e Burela atesouran importantes actividades terciarias e de promoción empresarial. Burela é o maior núcleo urbano, con máis de 8755 habitantes en 2006, terceira vila provincial que mantén importantes actividades pesqueiras -principal porto pesqueiro do norte de Galicia-

e do terciario sanitario que rexe a bisbarra co Hospital da Costa Lucense. Pero atendendo á realidade urbanística, a aglomeración da ría de Viveiro, é a cabeza demográfica da Mariña, entre Celeiro, Covas e a propia cidade viveirense suman 12 315 habitantes en 2006. Trátase do principal centro terciario e de concentración empresarial do territorio. Ribadeo é a terceira localidade en canto á poboación, con 5971 habitantes, e mantén unha importancia terciaria destacada no leste comarcal, baseada tanto na súa estratéxica posición de ponte con Asturias coma no seu porto e na súa tradición turística estival. Esta serie vén seguida pola vila de Foz que, coas súas 4711 persoas, ten unha especialización turística e mantén recursos comerciais e do terciario especializado ademais de ser o principal centro de empresas de construción da bisbarra. Pola súa parte, Mondoñedo, outrora núcleo princi-

pal da Mariña, contaba en 2005 con 2084 habitantes e concentra os seus valores económicos no terciario administrativo. Superando a Mondoñedo queda por citar San Cibrao, con 2183 residentes, no municipio de Cervo e sen peso administrativo, pero que creceu ao amparo de Alcoa, a grande empresa de transformación do aluminio.

Fóra deste gran centro industrial e dos núcleos citados, a economía da Mariña diverxe entre as terras interiores e a costa. O interior, en liñas xerais, vive tanto da produción forestal coma das actividades agropecuarias e as conseguíntes industrias de primeira transformación; nos últimos anos alcanzou bastante peso o sector servizos, representado principalmente por servizos básicos administrativos e comerciais. O litoral, a partir das actividades pesqueiras e agrícolas, diversificou a economía cara a un sector



San Cibrao.
Cervo

industrial diverso e de pequenas ou medianas empresas e, sobre todo, cara a un sector terciario de servizos básicos e semiespecializados no que ten vital importancia a adaptación ás actuais esixencias turísticas.



Mondoñedo



Historia

A

historia humana da Mariña arranca coa chegada dos primeiros poboadores na época prehistórica. Salpicados polo seu territorio aparecen numerosos vestixios dun denso poboamento do que dan testemuño necrópoles, megálitos, castros, petróglifos, torques, arcas e algunha citania. O paso dos romanos, aínda que non deixou grandes pegadas paisaxísticas, marcou cambios comarcais con proxección posterior, como a construción da calzada que por Mondoñedo unía Lugo e Asturias, ou as explotacións auríferas do Masma e as fundicións de ferro de Marzán. Na idade antiga é a costa a que toma un relevo económico fundamentado nas actividades portuarias, no cal destacou o porto de Foz, polo que saían gran parte das materias primas comarcais e entraban produtos demandados polos nativos.

É na idade media cando a fundación dos principais núcleos de poboación empeza a vertebrar e darlle importancia ao territorio mariño. Mondoñedo a principios do século XII e Ribadeo e Viveiro, a finais da mesma centuria, convertéronse en pequenas cidades rexedoras das súas respectivas terras. Viveiro foi declarada vila de

reguengo polo seu interese económico ao desenvolverse unha burguesía incipiente, e isto posibilitou que se liberase do yugo eclesiástico imposto por Mondoñedo. Pero a creación do bispado primeiro, e a provincia despois,



Castro
Fazouro.
Foz

Forte de
San Damián.
Ribadeo



acabaron por lle outorgar un poder definitivo a esta última vila sobre o conxunto comarcal. O dominio da igrexa, prolongado desde que o bispado de Bretoña se converteuse en diocese en San Martiño de Mondoñedo -Foz- cara ao ano 866, cando foi parar alí Sabarico, o bispo de Dumio (Portugal), fuxindo das invasións árabes, influíu mesmo no episodio máis soado do medievo comarcal. Este foi a execución do nobre Pardo de Cela,

consumada polo bispo Fadrique cando impediu que a esposa chegase co indulto dos Reis Católicos.

Coa concesión a Mondoñedo dunha das sete antigas provincias galegas, este poder non fixo máis que se incrementar pola influencia que a cidade tivo nas Xuntas do Reino de Galicia durante a idade moderna. Desde este momento e ata finais do século XIX destacan outros feitos que, alleos ao poder relixioso, dinamizaron a vida comarcal. O principal foi a creación dunha burguesía incipiente, de tinguiduras ilustradas, que se foi asentando nos principais núcleos e nalgúns lugares estratéxicos. Tomaron importancia a industria costeira da salgadura que destacou no Vicedo e en San Cibrao; as ferrarías, no interior da bisbarra; os teares de Chavín, como exemplo da incipiente industria viveirense; e, como estrela das

Pinturas
Catedral.
Mondoñedo





Ponte do
Pasatempo

iniciativas empresariais, a Real Fábrica de Sargadelos, en Cervo, que combinou a fundición do ferro para ferraxes e municións coa fabricación de louza e ladrillo. O fundador Raimundo Ibáñez e a súa obra foron o símbolo industrial de Galicia durante moito tempo. Pero tampouco se pode esquecer a crecente importancia dos portos mariños no reforzamento do tráfico de cabotaxe entre o Cantábrico e a costa galega, nin tampouco a actividade que estes desenvolveron de cara á vertebración de toda a bisbarra e ao intercambio de materias primas e produtos elaborados relacionados co peixe, coa madeira e mais co ferro. Deste xeito sobresaíron Viveiro, San Cibrao e, sobre todo, Ribadeo, vila que se desenvolveu baixo o impulso da obra de Raimundo Ibáñez e que chegou a contar

cunha aduana que controlaba fiscalmente o tráfico de mercadorías, con grande importancia no derradeiro cuarto do século XVIII.

Étrase no século XX, non obstante, cun tecido industrial debilitado pola desaparición dalgunhas destas iniciativas e o



Fábricas de
salazón en
O Vicedo





Viveiro declive doutras. Das poucas que atrasaron a perda de peso desta bisbarra no conxunto rexional foron as minas de ferro da Silvaresa, en Viveiro, e Vilaoudriz na Pontenova –aínda que a actividade desta se foi diluíndo sobre todo tras a Guerra Civil-, e a pesca, na que destacaron portos como os de Burela, Foz e Celeiro. A emigración tamén foi protagonista do pasado século, sangría demográfica cara a América, Europa e as grandes cidades españolas e galegas, resultado da falta de modernización agropecuaria e dun tecido industrial inconsistente. Esta diáspora tivo a súa versión positiva nas divisas que enviaban os emigrantes, pois con elas e o interese dos indianos cre-

áronse escolas e centros culturais e melloráronse infraestruturas vitais. Resultado de todo iso, pódese admirar hoxe en día a arquitectura indiana en edificios oficiais e vivendas privadas.

A pesar de todo, A Mariña, ponte entre Galicia e o Cantábrico, mantivo certo dinamismo que hoxe diversifica harmonizando os usos agropecuarios modernos coa existencia dalgunhas grandes empresas do ramo metálico e o desenvolvemento do sector servizos, no que destacan, cada vez máis, os lugares turísticos.



MARISCAL PARDO DE CELA

O mariscal Pardo de Cela foi un membro destacado da nobreza galega do medievo que, polas súas loitas contra outros nobres e as constantes hostilidades co bispado de Mondoñedo, foi perseguido e axustizado a pesar de que contaba cun indulto real. Deste modo converteuse nun home de reflexos míticos. Figura controvertida para os historiadores, foi un importante personaxe político e militar da Mariña antes da idade moderna. Coa herdanza de bens e mais señoríos familiares, vinculado estreitamente aos Andrade e contraendo nupcias con Isabel de Castro, filla do conde de Lemos e prima da propia Isabel a Católica, converteuse

nun Grande de Galicia que dominou sobre case a metade do territorio galego. O seu poder na Mariña era enorme, contaba con fortalezas, xurisdicións, coa alcaldía de Viveiro e era encomendeiro do bispado mindoniense. Pardo de Cela pasou á historia polo asedio que sufriu por tropas enviadas polos Reis Católicos e

Fortaleza
Pardo
de Cela.
Alfoz





mais polo bispo de Mondoñedo, a súa final heroica defensa no castelo da Frouxeira e no Castro de Ouro -Alfoz-, ademais do axustizamento en 1483 na praza da catedral de Mondoñedo, in extremis, cando a súa muller portaba nas proximidades o in-

dulto real e "foi entretida" por monxes do bispado na ponte do Pasatempo. Estes sucesos acabáronse convertendo nunha parte importante da historia de Galicia, episodio a cabalo entre o mito e a realidade.





RAIMUNDO IBÁÑEZ E A SÚA FÁBRICA

Natural da bisbarra asturiana de Oscos, onde naceu en 1749, e de pasado fidalgo, Antonio Raimundo Ibáñez chega a Galicia en 1767 con ansias emprendedoras e en 1784 empeza a súa andaina como home de negocios ao unirse a José de Andrés García, un dos principais empresarios galegos do momento. Cos beneficios da compañía de importación formada por ambos os dous emprende en 1791 a obra pola que pasaría a converterse no principal industrial galego e personaxe perpetuo na Mariña: o Complexo Siderúrxico de Sargadelos. Esta fábrica que ao longo da historia fabricou desde ferraxes, pranchas e ferro doce ata potas, potes, louza, lingotes, armas e municións, chegou a contar, segundo Fernández Negral, 1994, con tres altos fornos, dous fornos de calcinación, un forno de reverbero para fun-

dir canóns, un forno de preparación de coque, dous cubilotes e dous fornos de fundición de bronzes. A fábrica era en organización e infraestrutura dunha complexidade extraordinaria para a época, mesmo contaba cun retén de soldados para a súa protección. Ademais, Ibáñez foi tentado para labores de Estado nos corpos de artillaría e mariña e recibiu, tras a Guerra da Independencia, condecoracións e o título nobiliario co que é coñecido. A imposibilidade de dispoñer da suficiente materia prima pechou a súa grande empresa e levouno a ter conflitos cos habitantes da bisbarra o que, xunto ás acusacións de afrancesamento por aceptar a Xosé Bonaparte como rei de España, puido provocar o seu asasinato o 2 de febreiro de 1809, cando era considerado como un dos principais empresarios de España.





Patrimonio e lugares de interese turístico

ALFOZ

Entre o patrimonio histórico deste municipio merece unha mención especial a pena Abaladoira. Monumento megalítico localizado na parroquia do Pereiro, no que destacan os seus gravados antropomórficos. Pero o máis destacable é a torre da homenaxe do antigo castelo no Castro de Ouro, ligado á figura emblemática do mariscal Pardo de Cela, edificio gótico do século XV, reformado a comezos deste século para albergar a casa consistorial de Alfóz. Tamén podemos observar vestixios dos muros e a capela da fortaleza. Nas súas proximidades está localizado o Museo da Auga da Finca Galea.

A presenza da serra do Xistral e da súa riqueza natural abre as posibilidades dun turismo natural activo ampliable aos seus diferentes cursos fluviais.

BARREIROS

Ao longo das terras de Barreiros podemos gozar a nivel arquitectónico dun amplo legado de construcións populares, sobre todo no referente ás coñecidas como casa de indios.

En Barreiros podemos practicar sendeirismo por diferentes rutas sinaliza-



Pena A Baladoira. Alfóz





das. Entre as que destacaremos o tramo do Camiño Norte de Santiago que discorre polas parroquias interiores do municipio ata a igrexa de San Xusto de Cabarcos.

Finalmente, merecen unha especial mención o monte Comado, desde onde se divisa unha fermosa paisaxe da costa, lugar habitual para a práctica do parapente. O río Masma no que se pode practicar a pesca da troita, do reo, do salmón e da angula.

BURELA

Dentro deste municipio debemos destacar o seu porto pesqueiro, por ser un dos máis importantes do Cantábrico en capturas atuneiras. O barco-museo boniteiro Raiña do Carme é un importante referente turístico. Trátase dun barco boniteiro de 25 m

de eslora, do que se poden visitar todos e cada un dos seus compartimentos, tanto os da cuberta coma baixo cuberta.

En Burela podemos gozar de áreas recreativas acondicionadas como o monte Castelo e a praia da Marosa. A primeira está situada no monte do mesmo nome, desde onde se pode contemplar unha paisaxe impresionante de todo o litoral.

CERVO

Cervo é coñecido por un dos proxectos industriais máis antigos e de máis sona de Galicia: o complexo de Sargadelos. Este referente protoindustrial para Galicia foi fundado a finais do século XVIII por Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, ao implantar unha fundición de ferro e,



Faro da
Atalaia.
Cervo

a principios do século XIX as fábricas de louza e vidro. Na actualidade, despois de anos de abandono, recobrou sona grazas á produción dunha cerámica de gran calidade decorativa, caracterizada polas súas rechamantes cores e formas. É especialmente interesante a visita ao antigo complexo rehabilitado da Real Fábrica de Sargadelos, declarado todo conxunto histórico artístico.

Dentro da zona urbana de Cervo atopamos casas de tipoloxía tradicional coidadosamente restauradas e unha armazón de rúas empedradas.

Finalmente cómpre salientarmos o atractivo turístico de San Cibrao, vila mariñeira cunha localización de gran beleza paisaxística. A importancia mariñeira desta vila queda reflectida no seu Museo do

Mar. De especial encanto resulta a área recreativa en torno ao faro, que se sitúa na Atalaia, desde a que se poden ver os tres illotes que conforman os chamados Farallóns. Por último, tamén é recomendable visitar a ponte de orixe medieval que cruza o río Covo e as antigas fábricas de salgadeira.

FOZ

De entre o patrimonio histórico-artístico de Foz cómpre destacarmos o castro de Fazouro, a súa localización é un dos seus valores máis salientables, pois está nunha punta rochosa elevada que domina desde o leste a praia de Fazouro. Pero o monumento máis destacado de Foz é a igrexa de San Martiño de Mondoñedo, ex-sé episcopal e actual igrexa parroquial que acolle un pequeno



museo de arte sacra. Declarada monumento nacional, é a catedral máis antiga que aínda se conserva en España, cuxa orixe se data no século VI. O actual templo data entre os séculos IX e XII e enmárcase dentro do románico máis primitivo. Trátase dunha basílica de tres naves con cruceiro e tres ábsidas semicirculares. A torre do campanario está apegada, en dous corpos do século XV e XVIII. Xunto á igrexa está a fonte da Zapata que brotou, segundo a lenda, a instancias do bispo San Gonzalo cando tirou unha zapatilla.

LOURENZÁ

Lourenzá enmárcase nun rico val da Mariña con especiais condicións para as actividades agropecuarias. Paisaxe que lle confire un grande



Igrexa de
San Salvador.
Lourenzá

atractivo turístico. Destaca especialmente o contorno do río Masma.

Sobresae polo seu gran valor histórico-artístico o espazo arquitectónico conformado polo mosteiro de San Salvador coa igrexa de Santa María de Valdeflores. O mosteiro de San Salvador foi fundado no século X polo Conde Santo. Na actualidade da edificación primitiva soamente quedaron dúas pedras: unha ara do século IX e unha lauda do XII. A nova edificación prolongouse ao longo dos séculos XVII e XVIII. Dentro do claustro está localizado o Pozo Santo, en cuxas augas buscaban os romeiros a curación das súas doenzas. Na capela de Valdeflores consérvase un sepulcro paleocristián do século V, procedente de Aquitania, onde repousan os restos do conde Osorio Gutiérrez, o Conde Santo. A igrexa é do século XVIII, cunha fa-



Igrexa de Os
Remedios.
Mondoñedo

chada barroca obra de Fernando de Casas, o mesmo artista que realizou a fachada barroca de Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela. Tampouco debemos esquecer dedicarlle un tempo da nosa visita ao museo de arte sacra, situado na capela da Nosa Señora de Valvanera.

Polo que respecta á arquitectura civil, destacamos o pazo de Tovar (s. XVI) situado no lugar de Canedo. O pazo posúe como elementos máis salientables unha torre da homenaxe e varios escudos de armas nas fachadas e nos linteis.

MONDOÑEDO

Non podemos falar de Mondoñedo sen termos en conta o seu casco histórico, desde 1985 conxunto histórico-artístico. Vila que foi capital dunha das sete provincias do antigo reino de Galicia,

actual sé episcopal e un importante centro cultural ata os nosos días da man dun elenco de escritores de primeira orde como Álvaro Cunqueiro, Leiras Pulpeiro, Lence-Santar, Noriega Varela, Crecente Vega e Iglesia Alvariño.

A armazón urbana presenta un característico perfil medieval, cunha disposición radial das rúas que acollen emblemáticos edificios de rancio avoengo. Entre estas rúas de orixe medieval merecen especial mención as da Ponte e a de Sindín. Vías urbanas que conflúen en prazas como a de España e a da Catedral; antiga praza do mercado que aínda conserva un aire señorial. Tamén temos que destacar o espazo verde da alameda dos Remedios e os barrios dos Muíños e de San Lázaro. De entre os seus diferentes monumentos destacan: do século XVI o Consistorio Vello e a Fonte Vella, e do XVIII o Real Seminario Conciliar de Santa Catarina, o Hospital de San Paulo, os conventos da Concepción e de San Pedro de Alcántara, o Pazo Episcopal (sede do Museo Catedralicio e Diocesano) e o Santuario da Nosa Señora dos Remedios. Pero o máis relevante dentro deste destacado legado patrimonial é a catedral, declarada monumento nacional en 1902. Foi comezada no s. XII en estilo románico e sometida a reformas posteriores onde predominan os adornos barrocos, cun claustro de mediados do século XVII, fachada e torres do XVIII.



Non debemos deixar de gozar das ribeiras do río Masma e os seus afluentes referentes da pesca fluvial. Os amantes da natureza tamén teñen interesantes expoñentes nos cumes dos montes próximos desde os que existen extraordinarias vistas panorámicas -un bo exemplo é o monte Padornelo-, e na xoia espeleolóxica de Galicia: a cova do Rei Cintolo, cuxas dimensións e riqueza xeomorfolóxica é inigualable en Galicia.

OUROL

O municipio de Oroil é un auténtico paraíso natural, con lugares onde se pode ver en liberdade multitude de gando cabalar e vacún polos seus montes nun estado de semiliberdade. Oroil dispón de recursos cinexéticos

ictiolóxicos fundamentados nos ríos Sor e Landro, e conta con fragas que se atopan entre as mellor conservadas da bisbarra. Ofrece, polo tanto, un marco incomparable para a práctica de actividades coma o sendeirismo.

Na visita a Oroil é recomendable que nos deteñamos a admirar os fermosos exemplares de arquitectura colonial, as "casas de indios". Edificacións que adoitan ter planta rectangular e polo menos un piso superior; rechamantes bufardas, sen faltar os detalles decorativos nas galerías e mais nos balcóns. Outro elemento indispensable destas pequenas vilas é o xardín con especies arbóreas e plantas exóticas, como a palmeira, a araucaria ou o magnolio. Todo o municipio de Oroil é rico en arquitectura



popular; así, ao lado dos cruceiros que sucán os seus camiños e vereas atopámonos con fermosos exemplares que fan referencia á dedicación económica destas vetustas terras: alvarizas, fornos, muíños ou aceas.

A PONTENOVA

Falar da Pontenova é lembrar directamente o seu pasado mineiro, latente hoxe nos fornos de ferro da cabeceira municipal. Fornos de Vilaoudriz, singulares construcións que xurdiron ao abeiro das explotacións mineiras como fornos de calcinación e que se converteron nun exemplo da arquitectura industrial de principios de século. O conxunto está formado por cinco chemineas, rodeadas dunha área de espaxamento na marxe dereita do río Eo.

Dentro do patrimonio relixioso, cómpre salientarmos a igrexa parroquial de Santa María de Conforto, finalizada no ano 1664, que dispón dunha variada e rica colección de pezas de arte sacra.

A imaxe natural do municipio esta ligada ao río Eo, famoso polos seus coutos salmoeiros e troiteiros. Outros lugares fermosos son os que o viaxeiro pode ver dando un paseo polo trazado da antiga vía do ferrocarril Vilaoudriz-Ribadeo, convertida actualmente nunha vía verde. Este trazado de 10 quilómetros está repleto de contrastes paisaxísticos, ademais podemos gozar do complexo lúdico localizado no Boulloso como dos diferentes vestixios do paso do tren por este espazo xeográfico.

Outro espazo de indubidable valor natural é a fraga de Reiga-



das, que posúe unha flora e unha fauna moi variada. Existen referencias da presenza esporádica do oso pardo. No interior deste enclave atópase a Ferraría de Bogo, un conxunto etnográfico completamente restaurado que demostra como funcionaba unha ferraría de antano.

RIBADEO

O casco histórico de Ribadeo aséntase sobre un promontorio da costa e isto provoca que dentro da súa armazón de rúas algunhas presenten unha pronunciada pendente no seu discorrer cara ao porto da vila. Vello casarío conformado polas vivendas populares dos mariñeiros e dos artesáns a carón de casaróns de familias máis poderentes, testemuño dun pasado económico florecente. Dentro

deste trazado urbano, a praza do Campo é un espazo de obrigada visita. Praza axardinada flanqueada pola casa consistorial, na súa orixe, a finais do século XIX, residencia do marqués de Sargadelos; fermoso pazo de estilo neoclásico. Ao seu carón levántase o tellado de cerámica vitrificada da torre dos Moreno, edificio construído en 1905 en estilo ecléctico, con ornamentacións que apuntan ao modernismo e cunha concepción moi avanzada polo emprego dunha estrutura mixta de formigón e ferro. No sector oeste, a igrexa de Santa María do Campo, reconstrución dun convento franciscano do século XIII. No extremo sur está o convento de Santa Clara, orixinario do XI.

Tamén merecen unha especial mención, polo valor arquitectó-



Praza do
Campo.
Ribadeo

nico, as capelas románicas da Virxe do Camiño e da Atalaia; a torre-pazo de Cedofeita, construído a finais do século XV ou principios do XVI; o edificio da Aduana (século XVIII); a Casa do Patín, a construción civil máis antiga da vila, da que tan só se conserva a fachada; o edificio do Mercado Municipal, construído en 1935, cunha fermosa estrutura de ferro á vista e composición de fachadas interesante. Ao longo da zona urbana aínda se conservan fermosas residencias burguesas finiseculares con influencia indiana.

Finalmente, como exemplo de arquitectura militar cómpre citarmos o castelo de San Damián construído a principios do século XVIII, concibido como batería defensiva da entrada á ría. Na ac-

tualidade é sala de exposicións municipal.

Tamén debemos destacar o núcleo de Rinlo cun notable exemplo de arquitectura e urbanismo mariñeiro.

RIOTORTO

Terra illada do fervor do balbordo urbano, de pintorescas paisaxes que incitan a longas camiñadas. Os ríos Eo e Ferreira-vella, cos seus afluentes, son obxecto dunha interesante actividade de pesca fluvial.

A pesar do proceso de despoboamento que lle afecta a este territorio, Riotorto aínda segue sendo unha terra de ferreiros, existen na actualidade máis de 20 ferreiros que moldean o ferro por medio de usos tradicionais, confeccionando a man aparellos de labranza,



Casa de
os Moirón.
Riotorto



utensilios da vida diaria e pezas de diverso tipo por encarga, unha auténtica protoindustria viva, un fósil industrial. En Ferreiravella atopamos varios prestixiosos ferreiros que manteñen esta práctica artesanal.

Na arquitectura civil destaca a torre do Mouro (século XIV), cun arco oxival que coroa a porta principal; o castelo de Peñafior (Vilaseca), en estado ruinoso. Ademais, dentro do termo municipal aparece unha serie de casas nobres, como son: casa de Rancaño, casa dos Moirón, casa do Peineiro ou a casa nobre da familia Santomé-Rico.

TRABADA

Trabada é un municipio fluvial con importantes coutos de pesca e notables espazos naturais relacio-

nados co río Eo. Este curso pode servir para desenvolver diferentes deportes acuáticos fluviais. Tamén neste termo municipal podemos cazar xabarís, corzos ou perdices.

Desde o punto de vista de contacto coa natureza, temos que destacar a área recreativa coñecida como a da Chozas, na ría de Abres, cun observatorio de aves e un embarcadoiro.

A antiga vía férrea de Vilaoudriz a Ribadeo é outra senda de gran beleza.

Trabada conta con espazos boscosos de gran valor e, a través das rutas de sendeirismo sinaladas, un pode internarse en fragas como as de Vilapena, Becerreira ou Cabanela.

O VALADOURO

O Valadouro é o paradigma de natureza de montaña na bisbarra.



Achega interesantes espazos de turbeiras e lugares de gran valor xeomorfolóxico, relacionados cos fenómenos do frío cuaternario de xénese periglaciaria ou glaciaria.

Os vales de montaña ofrecen paisaxes impresionantes, onde é relativamente sinxela a práctica do sendeirismo para os amantes da natureza. Conta con varias fragas de valor polo seu interese botánico e paisaxístico. Podemos destacar, as fragas de Furna (Cadramón) e das Lérias (Frexulfe). O alto do Cadramón ou Frexulfe ofrécenos unhas excelentes vistas panorámicas.

Ademais da súa indubidable beleza paisaxística, o municipio conta con magníficos exemplos de arquitectura, tanto civil coma relixiosa. Dentro do patrimonio relixioso do Valadouro destaca sobre

todo a capela de Sta. Filomena (parroquia de Cadramón) de estilo románico datada no século IX.

Tamén existen interesantes mostras de arquitectura civil: casas de labranza, muíños, cabozos, pazos e casas grandes. Dentro da arquitectura de carácter popular, destacan os diferentes núcleos rurais na parroquia de Vilacampa.

O VICEDO

O patrimonio natural constitúe o maior atractivo deste territorio municipal. A costa presenta unha alternancia de pronunciados acantilados con areas de fina area. Teñen sona as praias de Xilloy e San Román. Desde a punta do Embarcadoiro podemos contemplar a illa Coelleira. Esta illa posúe unha variada e interesante flora e serve de refuxio para unha



gran cantidade de aves migratorias e gaivotas. Na desembocadura do Sor, atopámonos coa illa de San Martiño. Seguindo o curso deste río, podemos realizar unha ruta de sendeirismo de gran valor ecolóxico.

No que respecta ao seu patrimonio histórico-artístico son de especial relevancia as pontes do Porto, de estilo románico, e a de ferro sobre a desembocadura do río Sor (1901); as ruínas dos mosteiros das illas de San Martiño e Coelleira; a igrexa de Río Barba, mandada construír por Fernán Pérez de Andrade a finais do XIV e o templo de Cabanas cunha nave do s. XIV de estilo oxival; casas brasonadas como a casa da Torre no Vicedo, a de Alexos en Negradas e a do Pereiro en Vale. Tamén resultan moi interesantes as anti-

gas fábricas de salgadeira localizadas na cabeceira municipal.

VIVEIRO

O casco histórico de Viveiro é o grande escaparate monumental da costa cantábrica galega. Antigo núcleo amurallado, resumo dos avatares da historia, evolución dos gustos dos seus habitantes. A peñeira do tempo permitiu que chegase ata a actualidade un conxunto edificado con personalidade propia, marcado pola variedade de estilos e a influencia da tradición popular. A cidade recíbennos coa porta de Carlos V como monumental entrada, flanqueada polas galerías que reflicten o río Landro. Da vella muralla consérvanse tres das seis antigas portas: a mencionada de Carlos V ou da Ponte Maior (1554), a da Vila (de



arredor do s. XIII) e a do Valado (unha inscrición indícanos a probable data da construción, 1217), conxuntamente con restos do lenzo apegados a algunhas casas ou en pasadizos como a rúa do Muro. Entre a arquitectura civil cómpre salientarmos: a Casa dos Leóns (s. XVII), de estilo barroco; a Casa Consistorial cunha balaustrada e un reloxo de gusto decimonónico; preto, o Teatro Pastor Díaz cunha fachada de corte neoclásico; o Conservatorio de Música, antigo hotel e casino Villa Venecia, coroado por unha balaustrada de gusto neobarroco; a ponte Maior ou da Misericordia, do s. XV-XVI aínda que posteriormente remodelada. Ente os edificios de carácter relixioso do casco histórico destacan: a igrexa románica de Santa María do Campo,

magnífico exemplo da arte románica do século XII, presenta unha planta basilical de tres naves e ábsida semicircular, que no exterior conserva columnas con capiteis e canzorros de gran beleza; con posterioridade reformouse a fachada e engadíronse un rosetón e dúas torres, a da campá do século XVIII e a do reloxo do XIX; as capelas da Virxe do Rosario a mediados do s. XVIII e de San Gregorio o Maior do s. XV, tamén merecen unha visita turística. Detrás desta igrexa está o mosteiro das Concepcionistas, construción realizada no século XVII en estilo barroco. Nun xardín que dá acceso á igrexa do mosteiro das Concepcionistas atópase a Gruta de Lourdes, construída no ano 1925 como réplica da gruta na que se apareceu a Virxe en Francia. Extra



muros localízase o convento de San Francisco, actualmente igrexa parroquial de Santiago, un dos mellores exemplos da arquitectura gótica galega, construída no s. XIV ou comezos do XV; no exterior podemos ver os tres arcos oxivais da entrada e o aspecto macizo da fachada na que se deixan sentir as reformas barrocas do conxunto; no interior, apréciase de planta de cruz latina dotada dunha ábsida pentagonal con bóveda de abano e cinco ventás grandes oxivais; ten dous claustros, o primeiro data do s. XVII pero mantén elementos románicos, e o outro é do XVIII. Cruzando a ponte Maior atopamos a capela do Ecce Homo ou da Misericordia, de sobrio estilo barroco; no interior destaca a súa fermosa cúpula decorada con frescos de

Camilo Díaz Valiño; apegado está o pazo da Misericordia.

O barrio da Xunqueira mostra un bo número de construcións de carácter popular tradicional. Nel está o mosteiro de Valdeflores, conxunto monacal con orixe no s. XIV. Ademais da súa torre barroca sorprende a interesante portada románica, con decoradas arqui-



Igrexa de
San Francisco.
Viveiro



voltas que enmarcan un inusual arco trilobulado.

Na parroquia de San Pedro de Viveiro, atopámonos coa igrexa máis antiga do municipio. Fundada no s. VI, aínda que a súa factura actual se debe principalmente á arte románica do s. XII, con restos de obra do X. A súa igrexa románica foi restaurada no s. IX e ampliada no XII.

Este patrimonio artístico complétase cos pazos da torre de Grallal en Covas (1597), o da Trave en Galdo (actualmente casa de turismo rural) e o xa mencionado da Misericordia.

XOVE

Presenta un fermoso litoral no que se prima a paisaxe, a arquitectura tradicional e a variedade de ambientes costeiros.

Dentro do patrimonio arquitectónico industrial temos un elemento excepcional, a baleeira de Morás, que traballou ata os anos 70 do século XX.

No interior, o municipio presenta os montes dos Cabaleiros, que conteñen algúns enclaves naturais de notoriedade como turbeiras e fragas. Estas elevacións permiten panorámicas sobre o conxunto municipal e parte da bisbarra.





Museos



EIDO SURREAL "CELSO DOURADO"

Praia das Pasadas, s/n.

S. Miguel de Reinante. 27793 Barreiros

Teléfonos: 982 156 121 / 680 181 406

Fax: 982 124 451

Espazo deseñado e construído polo pintor Celso Dourado, con materiais reciclados na maioría dos casos, onde a pedra e a madeira son protagonistas. Alberga un estudio, unha vivenda e unha exposición permanente de pintura e debuxo que se renova periodicamente. En torno á edificación discorren dous xardíns que se poden visitar: un caracterizado como de "Rocalla" ou "Alpino" e o outro un "Xardín Cen" de marcado aire xaponés, elaborado a base de grava de cuarzo e elementos pétreos. O seu deseño e mais a elaboración tamén corresponde ao pintor.



BARCO MUSEO BONITEIRO "REINA DEL CARMEN"

Peirao do Porto de Burela. 27880 Burela
Teléfonos: 982 580 609 / 982 586 000
Fax: 982 585 945
E-mail: burela@burela.org
Web: www.expomar.com/barcomuseo

Barco boniteiro recuperado onde se poden visitar todos os compartimentos: ponte de mando, camarotes, cociña, pañol, neveira, ... Ten en funcionamento todos os equipos mecánicos, electrónicos, hidráulicos,..., así coma os motores principais e auxiliares. Tamén se conservan os medios e os métodos de pesca tradicionais que se empregan para a pesca do bonito na especialidade de "cacea" ou "corri-cán". Esta forma artesanal de pesca é a que mellor garante a excelente calidade do produto.



MUSEO HISTÓRICO DE SARGADELOS

Casa da Administración, s/n.
Sargadelos. 27891 Cervo
Teléfono: 982 557 905
Fax: 982 557 922
E-mail: patronato.sargadelos@xunta.es

Situado na "Casa da Administración" do antigo complexo fabril e sede do Real Padroado de Sargadelos. Conxunto monumental catalogado como ben de interese cultural e conxunto histórico Artístico. Conta cun fondo permanente que funciona como centro de interpretación dos labores desenvolvidos por esta fábrica, a través de fotografías, cerámica antiga e pezas de fundición. Tamén ten gravados, escultura e pintura contemporánea cedida polo Seminario Sargadelos.

Exposicións temporais de temática variada sobre a cultura galega.



MUSEO PROVINCIAL DEL MAR

*Avda. da Mariña, s/n.
San Cibrao. 27890 Cervo
Teléfono: 982 594 572
E-mail: tsc@terra.es*

O museo nace en 1969, como froito da gran paixón do mestre de escola don Francisco Rivera Casás en recoller e coleccionar obxectos relacionados co mar. Durante 1994 realízase unha reforma interior do edificio e organízanse os fondos en salas de exposición permanente; desde esa data a xestión do museo é levada a cabo pola Asociación de Veciños Cruz da Venta de San Cibrao. Desde o principio este museo pretende ser o reflexo da vida mariñeira da costa lucense, mostrando a súa riqueza biolóxica e etnográfica. A riqueza dos seus fondos vai desde a etnografía (embarcacións tradicionais, artes de pesca,...), pezas de interese biolóxico (ósos de balea, esqueletos de mamíferos mariños, peixes disecados, cunchas, crustáceos...), pasando por instrumentos de navegación, cartas náuticas, máquinas de vapor, áncoras, canóns, etc.



MUSEO PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO

*San Martiño. 27789 Foz
Teléfono: 982 132 394 / 982 132 607*

Instalado nas naves da basílica de San Martiño de Mondoñedo, templo que foi sé episcopal da actual diocese de Mondoñedo desde o ano 870 a 1113. É unha obra singular dentro do románico galego na que se aprecian claras influencias asturiana, lombarda, visigótica e sueva.

Conta con obxectos relixiosos entre os que destacan un báculo e un anel de ouro, ambos os dous do século XI, que se lles dá a bicar aos fieis o día da festividade de don Gonzalo (último domingo de novembro), personaxe coñecido como "o bispo santo".



MUSEO DE ARTE SACRA DE VILANOVA DE LOURENZÁ

*Praza do Conde Santo, s/n.
Vilanova de Lourenzá. 27760 Lourenzá
Teléfono : 982 121 073*



FINCA GALEA. MUSEO DA AUGA

*Lugar de Galea, s/n.
O Castro de Ouro. 27776 Alfoz
Teléfono : 982 121 073
E-mail: fincagalea@eresmas.es*

O museo ocupa sete salas da igrexa do mosteiro de Vilanova de Lourenzá (s. XVIII). Está situado na praza do Conde Santo, don Osorio Gutiérrez, que foi fundador do mosteiro de San Salvador no ano 969 e peregrino a Terra Santa onde, segundo a lenda, adquiriu un extraordinario sarcófago (s V) para o seu descanso eterno. Todos os anos numerosos romeiros acoden a tocar este sarcófago nunha romaría moi popular, a do Conde Santo. Outra destacada peza deste museo é o relicario da sancristía en madeira policromada cunha colección de 28 bustos-relicarios de finais do s. XVII. Tamén ten pezas de xoiaría, escultura, pintura, indumentaria, mobles e biblioteca monacal.

Dentro da Finca Galea, establece-mento de turismo rural, preparáronse espazos dedicados á auga, á súa cultura e aos elementos de aproveitamento: muiños, batáns, lagos, fontes, etc., todo isto deseñado, restaurado ou construído polo seu propietario.



MUSEO CATEDRALICIO E DIOCESANO "SANTOS SAN CRISTÓBAL"

Praza de España, s/n.

27740 Mondoñedo

Teléfono : 982 521 006 / 686 416 111

Este museo de arte sacra, un dos máis importantes de Galicia, ten repartidos os fondos entre a harmónica catedral do século XIII e o pazo episcopal (s. XVIII). Posúe fondos de temática variada: escultura, pintura, imaxinaría gótica, enxoval litúrxico e ornamentos bispais. Recentemente, foi ampliado con salas dedicadas á pintura francesa antiga, á historia da imprenta en Mondoñedo e á cerámica de Sargadelos. Proximamente realizaranse ampliacións das salas dedicadas a tecidos, bordados antigos e arqueoloxía.





Espacios Naturales

A Mariña é unha das bisbarras galegas cunha maior variedade de ambientes protexidos xa que conta con áreas de montaña, vales que conservan espazos en bo estado de conservación e tramos costeiros cunha riqueza biolóxica e xeomorfolóxica extraordinaria. Desde os ollos e os arcos rochosos da costa ribadense ou as covas do Rei Cintolo, pasando polos esteiros e as marismas das rías de Foz, Ribadeo, Viveiro e O Vicedo-O Barqueiro, ou polos bosques de ribeira e as fragas dos vales fluviais, ata as únicas turbeiras que se desenvolven nos vales e nos cumios paleoglaciares do Xistral, desenvólvense importantes comunidades animais e vexetais e unha combinación de espazos de interese natural única na península Ibérica. Ímonos centrar nos que posúen recoñecemento científico e administrativo:



Playa de
As Catedrais

AS CATEDRAIS

*(Lugar de Importancia Comunitaria,
Monumento Natural)*

Este espazo natural de 297 hectáreas, incluído dentro da rede Natura 2000 presenta, na costa dos municipios de Barreiros e Ribadeo, unha serie de hábitats e lugares de grande importancia xeomorfolóxica que o fan único. Destes valores xeolóxicos sobreveu a conversión das súas formacións máis espectaculares en monumento natural. Unha rede labiríntica de galerías, covas, arcos rochosos, illotes e bufadeiros escavados polo mar a partir da debili-



dade da rocha constitúen un lugar único no que teñen o seu hábitat interesantes comunidades animais e vexetais intermareais, dunares e de acantilado. Para o seu correcto gozo cómpre que a marea estea baixa, aconséllanse as baixamares máis vivas, polo que se recomenda consultar previamente as táboas de mareas. En todo caso, calquera momento recompensa polo menos a vista destas verticais paisaxes acantiladas do Cantábrico. Accédese pola N 634 Santiago-Irún, desviándose á altura de San Cosme de Barreiros, ou ben tomando o ferrocarril Ferrol-Bilbao e apeándose en Esteiro ou en Reinante.

SOUTO DA RETORTA

(Monumento Natural)

Este souto en realidade é un eucaliptal que contén os eucaliptos de maior porte de Europa. O eucaliptal de Chavín está considerado como monumento natural desde o ano 2000, polo porte, pola altura e mais

pola idade dos exemplares. Plantados hai uns 150 anos, son dos máis vellos de Galicia. Superan os 50 metros de altura e os dous metros e medio de diámetro. Entre eles destaca, pola monumentalidade, "O Avó", que alcanza os 7,55 m de perímetro e os 61,78 de altura. No espazo tamén aparecen restos do que debeu ser un bosque de ribeira e unha fraga. Loureiros, pradairos, carballos, castiñeiros, salgueiros e ameneiros poboan as beiras do río e achegan un conxunto vexetal de notable interese dentro dunha área de interesantes valores para a arqueoloxía industrial. Accédese desde Viveiro pola comarcal 640 e logo pola LU-161 ata Chavín en dirección a Mondoñedo.

TERRAS DO MIÑO

(Reserva da Biosfera)

A pesar de que non forman parte da cunca hidrográfica do río Miño, a serra do Xistral, o macizo da Toxiza e a fraga de Ferreiravella están incluídos na reserva da bios-

Serra do Xistral
R. B. Terras
do Miño



Ría de
Ribadeo



fera (Unesco) Terras do Miño. Así pois, as áreas máis elevadas dos municipios de Ourense, O Valadouro, Alfóz e Mondoñedo, xunto cun pequeno retalho occidental do municipio de Riotorto, inclúense nesta especial figura de protección que recoñece todos os valores humanos, monumentais e naturais comprendidos nas bisbarras que forman e circunscriben a cunca do principal río galego.

RÍA DE RIBADEO, OSCOS Y TIERRAS DE BURÓN

(Reserva da Biosfera)

Esta recente figura de protección para as terras do Eo, quizais as que contan con máis figuras ambientais de toda a bisbarra, data de 2007. Acolle 14 municipios, sete galegos e sete asturianos, e deste xeito convértese na primeira de España que ten carácter intercomunitario. Conta cunha extensión de 158 883 hectáreas e nela reside unha poboación de 33

000 persoas que ven así reforzados os seus extraordinarios valores culturais e naturais de xeito conxunto e sistémico. Reúne espazos cun contorno de gran valor paisaxístico e ambiental, con áreas de media montaña como a parte setentrional da serra dos Ancares; fluviais, co río Eo como eixe central; e marítimos, ao contar coa ría de Ribadeo e a súa costa próxima. Na bisbarra vense integrados a elas os municipios de Ribadeo, Trabada e A Pontenova.

RÍA DO EO Y RÍO EO

*(Espazo natural en réxime de
protección especial)*

Este espazo, que xunta as ribeiras do val do Eo e algúns afluentes e a propia ría na que verten as augas ao mar, conta con varias figuras de protección. A ría do Eo é un espazo natural en réxime de protección xeral que ademais atesoura a mención de zona de especial protección de aves e goza do



convenio RAMSAR para as masas de auga. Son en total 1915 hectáreas. Ademais está incluído na rede Natura 2000, como un lugar de importancia comunitaria que abrangue 1003 hectáreas protexidas. O conxunto distribúese polos municipios da Pontenova, Riotorto, Trabada e Ribadeo, e fóra da Mariña os da Fonsagrada, Meira e Ribeira de Piquín. Na ría presenta bancos de area pouco profundos cubertos permanentemente por auga mariña; chairas lamacentas e areentas libres nas mareas baixas; acantilados; marismas e xunqueiras e landas atlánticas costeiras. Nestes ambientes pasan o inverno máis de 4000 aves migratorias. Nos vales fluviais aparecen landas de espazos húmidos; prados húmidos das chairas; turbeiras calcarias; rochedos silíceos e bosques de ribeira. Na fauna da ría destacan anátidos como o pato rabilongo, o asubiión europeo e o parrulo chupón, mentres a riqueza piscícola do río

achega o salmón, a lamprea e o cangrexo de río. A N-640 é a principal vía de acceso aos diferentes tramos. A Ribadeo pódese chegar no ferrocarril Ferrol-Bilbao.

CARBALLIDO

(Lugar de Importancia Comunitaria)

Este espazo de 4828 hectáreas está compartido co Principado de Asturias e cos municipios da Fonsagrada e de Ribeira de Piquín. Accédese desde a N-640, á altura da Pontenova, seguindo a estrada de Vilaoudriz. Ademais do bosque de frondosas é posible coñecer as ferrarias máis importantes do municipio, entre as que destaca a de Bogo, que conta cunha forxa e cun mazo do século XVIII. Tamén atraen os tradicionais muíños, a flora e a fauna autóctona asociada ao espazo. A fraga das Reigadas é unha verdadeira xoia bioxeográfica que atesoura unha variedade de especies vexetais como acivros, teixos, abeleiras,



freixos, carballos, bidueiros, ame-neiros e loureiros. O mazo de Ma-chuco, o muiño e a ferraría de Bogo, o da Seimeira, o pozo das Reigadas, as fervezas do Rego da Escaleira, o bosque de ribeira e mais a fraga son os principais re-cursos deste lugar que conta cunha ruta de sendeirismo de 12 km entre o Zarro de Pedro e o nú-cleo da Panturreira.

COSTA DA MARIÑA OCCIDENTAL

(Lugar de Importancia Comunitaria; ZEPA)

Se trata de una franja costera que abarca 491 hectáreas en los municipios de Cervo, Vicedo, Viveiro y Xove, con enclaves de gran belleza paisajística como la Punta Roncadoira, la Illa de Ansarón, la Illa Coelleira, los Farallóns de San Cibrao, la playa e isla de Area en Viveiro y los arenales de Arealonga y Xilloi en Vicedo. Se desarrolla por la ría de O Barqueiro y Vicedo y la de Viveiro, además de los tramos de mar abierto de los distintos municipios sucediéndose trechos

de altos acantilados y arenales de diversos tamaños y formas. A nivel vegetal sobresalen las comunidades de algas y la vegetación de acantilados y dunas. En lo que respecta a la fauna, existen importantes colonias de aves nidificantes, siendo posible disfrutar con el vuelo de los charranes y el albatros. El acceso principal se hace por comarcal 642, la Carretera de la Costa, que une Ferrol con Foz, o por el ferrocarril Ferrol-Bilbao.

MONTE MAIOR

(Lugar de Interese Comunitario)

Con 1247 hectáreas de extensión, este espacio compartido polos municipios de Viveiro e Xove esténdese polos cumes da serra costeira do Buio. Nas elevacións litorais da Mariña aparecen as únicas turbeiras explotadas en Galicia, polo que aos seus valores naturais se suman os de tipo etnográfico e mesmo socioeconómico. Desde o punto de vista das

Ría de
Foz



Río
Landro



comunidades existentes, destacan todas aquelas relacionadas cos medios húmidos, como a landa húmida, as turbeiras de cobertor e as depresións turbosas, que conteñen especies endémicas e plantas carnívoras como a dionea. Lagartas e píntegas adaptadas a estes ambientes e aves como a cotovía, a papuxa paporrubia e a pica destacan entre a fauna. Accédese desde Viveiro seguindo a comarcal 640, a LU-161 en dirección a Mondoñedo e despois tomando a CP 26-4 ata a serra ou ben desde Xove por esta mesma última vía.

RÍA DE FOZ-MASMA

(Lugar de Importancia Comunitaria)

Os municipios de Foz, Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo participan deste espazo da rede Natura 2000 que conta con 643 hectáreas protexidas. Neste conxunto natural están integrados numerosos hábitats de interese comunitario. Na

ría destacan as marismas herbosas ou núas, con comunidades de xuncos e pasteiros salinos, ademais dos areais e das dunas. No val do río Masma aparecen ambientes fluviais con áreas de valiosa vexetación acuática e bosques de ribeira dominados polo salgueiro, o ameneiro e a abeleira. Centrándonos na fauna, é posible admirar avifauna como o pato azulón, o pilro común, a rapina arpella, o mazarico rabipinto e o mazarico curlí. O río presenta unha interesante poboación de salmón. Situado no eixe Mondoñedo-Foz, para aproveitar este espazo é ideal tomar a N-634, desde a que se poden coller desvíos.

RÍO LANDRO

(Lugar de Importancia Comunitaria)

Trátase de 127 hectáreas protexidas dos cursos do río Landro e do seu afluente Bravos nos municipios de Orol e Viveiro. Neles destacan os ambientes sedimentarios de ría e

Río Ouro



Serra do Xistral



os propios de medios fluviais. Marismas, xunqueiras, pequenos estanques de auga doce, vexetación acuática de río, landas húmidas atlánticas e bosques aluviais dominados por salgueiros, ameneiros, loureiros e abeleiras, acollen avifauna como o gabián, o ferreiriño subeliño e o ouriolo, e outros animais de tanto valor ecolóxico como a londra, o salmón e a píntega rabilonga. O mellor acceso é o que ofrece a comarcal 640.

RÍO OURO

(Lugar de Importancia Comunitaria)

Este río acolle un espazo de 109 hectáreas fluviais protexidas que na desembocadura presentan comunidades vexetais adaptadas ao ambiente salobre e augas arriba desenvolven bosques aluviais de freixo, ameneiro, salgueiro e abeleira. Este río destaca porque conta nas súas augas coa londra, co salmón e mais coa lamprea, sobrevoados polo gabián e polo fe-

rreiriño subeliño. A principal estrada que percorre o val é a LU-151, desde a desembocadura ata A Seara en Alfoz.

SERRA DO XISTRAL

(Lugar de Importancia Comunitaria)

É un dos espazos da rede Natura máis importantes de toda Galicia polos seus valores biolóxico e xeomorfolóxico e conta cunha extensa superficie de 22 964 hectáreas. Nel vense representados os municipios mariños de Alfoz, Cervo, Mondoñedo, Ourense, Viveiro e Xove. A principal orixinalidade da serra son as duras paisaxes herbosas e a abundancia de turbeiras de diferentes tipos, cunha composición florística enriquecida coa presenza de vexetais endémicos e plantas carnívoras. Na zona existen moitas especies de obrigada protección, como as bolboretas *Erebia triaria* pargapondalense e *Erebia epiphron* xistralensis, consideradas como reliquias de períodos glaciares pasados. Na



serra desenvólvense as turbeiras de cobertor máis importantes do suroeste europeo, formacións que son resultado do frío clima pasado e do húmido clima actual. Os hábitats de interese comunitario que se desenvolven neste espazo son variados e destacan os acuáticos de montaña, as formacións herbosas montanas, os bosques aluviais e as formacións de bosques de aci-vro. A este valor biolóxico xún-

tanse as pegadas glaciares e periglaciares e as rechamantes formacións graníticas dos montes da Toxiza. Existen múltiples accesos desde os municipios citados, sempre por estradas secundarias que parten da LU-161 Viveiro-Mondoñedo e da N-634 Santiago-Irún.

OUTROS ESPAZOS

Ademais destes espazos protexidos existen outros cuxos valores



paisaxísticos e naturais merecen polo menos unha visita: como a cova do Rei Cintolo, en Mondoñedo; xoia da espeleoloxía galega con máis de sete quilómetros de galerías exploradas e con formas recoñecidas de extraordinario interese (estalactitas, estalagmitas, columnas, coadas, piares, pisolitas, excéntricas e gours); a área xeolóxica de Castrelo, en Burela, na que se poden observar algúns feitos xeolóxicos e xeomorfolóxicos definidores da bisbarra; a área granítica de monte Castelo en Viveiro-Ourol; o erbedal da Rúa, no alto val de Sargaledos, moi relacionado coas actividades da fábrica; as fervezas de Escouridal

en Alfoz, o pozo da Ferida en Viveiro-Xove e o pozo da Onza no Valadouro; as turbeiras dos montes dos Cabaleiros, en Viveiro e Xove; as fragas -bosques de frondosas autóctonas- de Ferreiravella en Riotorto, Lerías no Valadouro, do Sor en Ourol, Vilapena en Trabada e do Saltón, compartida por Viveiro e Xove; o monte Castelo, elevación granítica no municipio do Valadouro ou a ría do Barqueiro e do Vicedo co tramo baixo do río Sor, que reproduce valores apuntados para outros ríos e outras desembocaduras.





Rías e Praias

Na costa da Mariña lucense atoparemos praias de finas areas dotadas con múltiples servizos que as fan merecedoras de numerosas bandeiras azuis da UE, calas solitarias, cabos, promontorios, penedías, acantilados, pequenas illas como A Coelleira, Ansarón, Os Farallóns ou A Pancha, faros, penínsulas, acantilados, portos pesqueiros, industriais e deportivos. Neste litoral costeiro pódese practicar todo tipo de pesca (submarina, de cana e barca), así como múltiples deportes náuticos durante todo o ano.

Dentro deste amplo espazo litoral comprendido entre Estaca de Bares e a desembocadura do río Eo atopámonos cunha costa acantilada e sinuosa durante o seu tramo occidental ata Burela, e máis baixa, rectilínea e uniforme desde esta localidade a Ribadeo, con cabos. Pero de especial relevancia paisaxística son as Rías Altas situadas ao leste de Estaca de Bares e, polo tanto, xa no mar Cantábrico. De oeste a leste, son as seguintes: ría do Barqueiro e do Vicedo, esta primeira situada no límite coa provincia da Coruña, ría de Viveiro, ría de Foz e ría de Ribadeo. Todas elas contan, a seguir, cunha breve descrición:



As Pasada.
Barreiros

AS RÍAS E OS SEUS ARENAIS Ría do Barqueiro e do Vicedo

A ría do Barqueiro e do Vicedo está moi ben limitada tanto por oriente coma por occidente. Polo oeste flanquéaa a península de Bares, unha estreita faixa de terra que se alonga cara ao océano, onde forma o seu vértice máis setentrional o cabo de Estaca de Bares.



Desde o monte Facho de Maeda, que se eleva ata os 331 metros, os amigos das camiñadas teñen un miradoiro excepcional sobre o litoral cantábrico que comeza aquí. En fronte, no sector oriental da boca da ría, a illa Coelleira aparece fronte á punta do Embarcadoiro.

No interior da ría os portos do Vicedo e do Barqueiro poñen a súa nota de cor e calor humana.

No fondo, alí onde as augas do río Sor se funden coas mariñas, aparecen a illa San Martiño e o lugar de Negradas, un bo exemplo de aldea campesiña.

Ao longo do litoral lucense da ría do Barqueiro e do Vicedo, podemos gozar dunha serie de praias. Entre elas destacan: Area-longa, Vidreiro e praia do Caolín.

Ría de Viveiro

Entre a punta do Faro, ao leste, e a punta Fuciño do Porco, ao oeste, ábrese a boca da ría de Viveiro que, a xeito de uve encai-

xado, penetra cara ao sur, onde se funde co val do río Landro que discorre no medio de vertentes empinadas. Este feito de estar encaixada entre elevacións, facilita a existencia de destacados miradoiros. Entre eles destacamos o monte Faro e o monte de San Roque. Neste último, ao pé dunha fermosa ermida, podemos contemplar en toda a súa amplitude a paisaxe costeira.

Na ría non só se pode admirar a vila de Viveiro, que centra a actividade administrativa e comercial da bisbarra, cun importante legado do seu pasado medieval, senón que tamén podemos visitar o porto pesqueiro de Celeiro ou a praia de Area. Na marxe occidental da ría temos a praia de Covas, flanqueada por unha zona residencial e turística.

Ría de Foz

A ría de Foz non é nada máis ca unha pequena pincelada mariña debuxada na chaira costeira. Está



formada pola desembocadura do río Masma, encadrada polas praias de Altar e Rapadoira. No interior, na parte máis protexida e pechando parte desta desembocadura, fórmase unha ampla marisma, ecosistema de gran riqueza ecolóxica, paisaxística e marisqueira que destaca nestas amplas chairas intermareais. Nesta marisma de augas calmas e pouco profundas, podemos contemplar especies de plantas capaces de convivir coa auga e coa salinidade.

O monte Guruguru ofrece unha panorámica privilexiada da fermosa ría de Foz. Accedemos a este miradoiro, saíndo de Foz en dirección a Burela pola estrada da costa, tomando á esquerda unha pequena vía que conduce a Marzán. Continuamos pola estrada ata o miradoiro do Pico da Lebre, despois de pasar pola igrexa do Bispo Santo. No miradoiro tomamos un carreiro duns dous quilómetros de longo que conduce ata o alto do monte Guruguru.



Ría de Ribadeo

A ría de Ribadeo desenvólvese de sur a norte e marca o límite entre Galicia e Asturias. Fórmase na desembocadura do río Eo, e ten 10 km de lonxitude e unha anchura que varía entre os 1500 e os 700 m. Na parte máis estreita a Ponte dos Santos serve de unión para as dúas ribeiras e ofrece impresionantes vistas panorámicas desde os pasos peonís. Presenta unha escasa profundidade media, xa que grandes bancos de area (os "tesóns") afloiran durante as baixamares e isto produce espectaculares cambios no seu aspecto segundo o estado das mareas.

O monte de Santa Cruz, emprazamento da "Aula da Natureza", ten unha área recreativa e un miradoiro situados a uns 180 m de altura sobre a ría. Ao monte pódese acceder polo antigo trazado do Camiño Norte de Santiago, que pasa pola parroquia de Ove, ou en coche pola estrada que leva cara ás parroquias do interior.



A ría conta con varias praias. A máis importante delas é a de Arnao, na parte asturiana, preto da boca da ría. Fronte a Arnao está a pequena praia do Cargadoiro, e máis dentro na mesma costa a praia artificial dos Bloques.

A costa exterior e as súas praias

A fronte litoral de Xove é acantilada e abrupta a excepción dos

lugares onde se formaron amplos areais. Entre os que destacamos as praias de Esteiro e Portocelo. Cara ao leste, onde a costa se torna máis irregular, atópase a enseada de San Cibrao (Cervo) onde están as praias da Rueta, do Torno e Caosa. Burela presenta como principal areal o da Marosa, aínda que conta con outras pequenas praias como a urbana de Portelo e as de Pedrouro, Os Cantiños e Ril.



Praia
Rapadoira.
Foz



Praia de San Miguel. Foz

Foz, pola súa banda, con 25 km de costa alberga interesantes praias. De todas elas destaca A Rapadoira, situada no centro urbano, que é a máis concorrida durante a época estival e galar-doadada sucesivamente co distintivo de bandeira azul xa que conta con todo tipo de servizos. Un fermoso paseo bordea o litoral ata chegar ao Cu do Castro, ao final da praia de Llas. No municipio tamén hai outras praias pequenas como son Sarrido, Fazoouro e Lagoa. En Nois está a praia das Polas, un pequeno areal moi soleado e acolledor, que na época estival está moi concorrido por mor da paz e a tranquilidade que se respira. Próxima está a praia dos Xuncos que pertence á parroquia de Cangas.

Nos municipios de Barreiros e Ribadeo a costa caracterízase por orixinais formacións rochosas e

fermosos areais ao pé dos acantilados. Entre estas praias destacan as de Altar, Balea, Moledo e Os Castros. Pero especialmente, a praia das Catedrais, con bandeira azul desde 1997 e é monumento natural, coñecida polas súas espectaculares formacións rochosas que lembran arcobotantes góticos.

Praia das Catedrais

A praia de Augas Santas, coñecida desde o punto de vista turístico por praia das Catedrais, está situada na parroquia da Devesa, no municipio de Ribadeo. Localizada nun contorno pouco urbanizado, conta cunha interesante fauna e flora. Trátase dunha praia de ondada moderada que se debe visitar no devalo, xa que cando sobe a marea queda rapidamente cuberta pola auga. O que máis chama a atención son as forma-

Praia das
Catedrais.
Ribadeo



cións rochosas orixinadas pola intensa erosión exercida polo mar sobre os acantilados de xisto, lousa e cuarcita, que conforman entrantes e saíntes, pasadizos, furnas ou grutas, illotes, bufadoiros e farallóns rochosos illados ou unidos á terra por impresionantes arcos rochosos.

Esta praia, xunto coas de San Miguel de Reinante (Barreiros), Esteiro, As Illas, Os Castros, Areosa e Olga (todas de Ribadeo), dálle nome e conforma a zona das Catedrais, espazo natural protexido e catalogado como rede Natura e lugar de importancia comunitaria desde o ano 2003.



Playa de As
Catedrais.
Ribadeo



Rutas

Ruta "Paisajes da Mariña"

Esta ruta circular, para facer en vehículo, fraccionable nas etapas que un desexe, pode partir de calquera dos principais núcleos comarcais. Por exemplo, pódese saír de Viveiro, tomando a C-640 que pasa inmediatamente polo espazo protexido do Landro e o seu esteiro. Antes de desviarse aos 3,5 km na ponte sobre o río Landro pola LU-161 cara a Mondoñedo, pódese continuar pola comarcal e tomar un desvío -a outros 3,5 km da ponte- cara ao monte Castelo, onde fermosas formacións graníticas entre piñeiros e unha área recreativa nos preparan para gozarmos dunha das vistas máis espectaculares da Mariña Occidental, sobre toda a ría de Viveiro, os vales do Landro e os seus afluentes e os contrafortes do Xistral. Seguindo pola LU-161, esta fainos pasar en 3 km polo eucaliptal de Chavín, e en 12 km pola fraga do Saltón e deixamos o espazo de monte Maior ao norte. Esta mesma vía lévanos aos contrafortes do Xistral, unidade montañosa á que podemos acceder desde Ferreira de Valadouro -11,5 km desde a fraga do Saltón-, seguindo o val do río Ouro

por Recaré e Frexulfe ata chegarmos á aldea de Cadramón -a 11,5 km. Esta aldea está en pleno corazón da serra e posúe unha entrañable ermida de orixe románica. Desde ela, pasando por



Río Ouro.
Alfoz

Chao, a igrexa de Santa María do Pereiro, A Torre e Beloi chegamos, de novo polo val do río Ouro, á Seara, en Alfoz -12,7 km. Alí retomamos a estrada cara a Mondoñedo que nos fai pasar, entre elevacións graníticas, polo val do río Masma. Despois de chegarmos a Mondoñedo -16,5 km, podemos facer unha escapada á cova do Rei Cintolo -6 km-, para a que hai que seguir pola CP 31-02 desde o barrio dos Muños. De volta a este, tómase a LU-124 para chegar en 7,5 km a Lindín, desde onde se pode ir por pistas ata o monte Padornelo. Desde esta elevación hai unha vista espléndida sobre a capital mindoniense e as súas terras próximas, tamén se pode gozar de vistas sobre o Xistral, A Toxiza, o val de Lourenzá e o val do Masma ata a propia vila de Foz e a costa próxima. Seguindo a LU-124 desde Lindín, en 8 km chégase ao porto da Cruz da Cancela, cruzamento desde o que se observan interesantes panorá-

micas sobre o val de Lourenzá e desde onde é recomendable o ascenso -só a pé ou en todoterreo- ao monte Carracedo, en Riotorto. Este pico fai posible ver ao mesmo tempo áreas tan distantes como o Xistral, a costa de Foz, o Padornelo, as terras de Riotorto, Meira e Pastoriza, as abas medias e altas do val do Eo e a parte máis occidental de Asturias, incluíndo tamén o norte da serra dos Ancares e a súa unión coa cordilleira Cantábrica. Seguindo a vía chegamos en 2,5 km ao Vilar de Santiago, onde unha pista nos leva pola Muxueira ata A Augaxosa -3 km. Desde A Augaxosa pódese facer un pequeno desvío -2,8 km- para achegarnos pola CP 5506 ata O Picato, na serra da Cadeira, onde o municipio de Trabada sinalizou rutas que permiten coñecer a fraga de Vilapena e se descubren boas vistas panorámicas sobre parte da Mariña Oriental. Seguindo desde A Augaxosa chégase á Pontenova polo Acivro e Santo Estevo a través da CP 48-03 -11 km. Desde A Pontenova, en dirección a Vilaoudriz pódese seguir a LU-741 para visitar a interesante fraga das Reigadas acompañada do seu conxunto etnográfico -uns 11,5 km ata Bogo. De volta na Pontenova continúaase a ruta polo val do Eo ata a ría, e así pódese gozar do ambiente fluvial e do esteiro a partir das vías principais, a N-640 e a N-642 -36 km. Unha vez en Ribadeo, recoméndase ascender ao monte Santa Cruz -2,5 km- para apro-



Lourenzá



Illa Pancha
e vista de
Ribadeo

veitar as vistas sobre a ría, a planicie costeira asturiana e a costa de Ribadeo e Barreiros ata Foz e Burela. Precisamente é posible percorrer ao pé do acantilado, nun ameno percorrido, o espazo protexido e o monumento natural das Catedrais, seguindo desde a vila ribadense por pistas próximas ao mar que van pasando por Rinlo, Os Castros, Esteiro, As Catedrais, Arealonga, As Lóngaras e Altar. Desde alí é posible observar a ría e o esteiro do Masma. Indo cara ao interior chégase ata a N-634 en San Cosme. En dirección a Foz, 4,5 km despois de entrar na N-642 e cruzar a ría, atopamos a desviación para a LU-152. Despois de pasarmos o km 7 desta vía, unha desviación lévanos ao pico Frouxeira, lugar mítico no que quedan algúns restos do castelo do mariscal Pardo de Cela, figura eminente da bisbarra. Desde esta elevación, a 427 m de altitude, admíranse todo o val do río Ouro, os montes do Buio, o Xistral, a ría

de Foz, o macizo da Toxiza, o curso baixo do río Masma e a costa da Mariña desde Foz a Ribadeo, continuando pola costa asturiana ata Tapia de Casariego e, en días de boa visibilidade, bastante máis ao leste pola chaira costeira de Asturias. Continuamos pola estrada que seguimos ata o km 10,5, onde se cruza coa LU-151. Esta lévanos durante 10 km polo espazo natural protexido do río Ouro ata a súa desembocadura en Fazouro. Unha vez en Fazouro seguimos en dirección a Ferrol 8,5 km ata Burela, onde podemos visitar a área de interpretación xeolóxica do Castrelo. De Burela, coas serras costeiras ao sur, a estrada principal lévanos, en algo máis de 13 km, ata Xove. Desde esta localidade, tomando vías locais que percorren o litoral, podemos gozar do espazo protexido da Costa da Mariña Occidental pasando pola punta Roncadoira, a illa Ansarón, Portocelo, o areal de



Esteiro, monte Faro e Area ata chegarmos definitivamente a Viveiro.

Ruta Pardo de Cela

O mariscal Pardo de Cela chegou a inquietar os Reis Católicos e acabou decapitado na praza pública de Mondoñedo. A ruta do mariscal recrea os principais lugares históricos daquel episodio decisivo na historia do Reino de Galicia. A asociación cultural O mundo de Galea estableceu, hai xa 30 anos, un percorrido turístico que se chama Ruta Pardo de Cela para recuperar a súa figura histórica. Nós propoñemos unha ruta que percorre os municipios lucenses de Viveiro, O Valadouro, Foz, Alfóz, Lourenzá e Mondoñedo. En todos eles hai monumentos, fortalezas e lugares naturais nos que viviu e loitou Pardo de Cela. A ruta mestura historia e lendas, estas últimas xa imposibles de esquecer porque foron transmitidas de xeración en xeración polo pobo que un día foi vasalo do mariscal.

Iniciamos a ruta en Viveiro. A monumental cidade de Viveiro, que foi señorío do mariscal, "Alcalde do concello e a súa terra e jurdiçon" ata a súa derrota e posterior execución en Mondoñedo. Alí, o convento de San Francisco, conxunto declarado monumento histórico nacional, de estilos románico e gótico, atesoura o sepulcro de dona Constanza de Castro, filla do mariscal.

Posteriormente, partimos en dirección ao municipio de Alfóz. Alfóz foi escenario decisivo da confrontación protagonizada entre o mariscal e os Reis Católicos.

Unha das fortalezas do mariscal é a Torre da Homenaxe do Castro de Ouro en Alfóz -desde Viveiro séguese a C-640 en dirección a Orol durante 3,5 km e logo 30 km pola LU-161 ata A Seara, capital municipal de Alfóz, onde se atopa a torre. Esta fortaleza foi construída no s. XV sobre un estratéxico castro ou poboado celta con vistas sobre o val do río Ouro.

Castelo de estilo gótico, foi destruído tras a súa execución e rehabilitado a principios do século XX como casa consistorial e aínda conserva parte da capela e dos muros defensivos. Tamén paga a pena achegarse á igrexa, que conta cun retablo e cunhas pinturas murais relevantes.

Entre as parroquias de Santa Cecilia e Adelan, no pico Frouxeira, con amplas vistas sobre o val e a costa de Foz e Ribadeo, atópanse as ruínas do histórico castelo da Frouxeira, principal e estratéxica praza de Pardo de Cela e seguinte parada na nosa ruta – desde A Seara, vólvese pola LU-161 durante 3,5 km, logo tómase a LU-152 en dirección a Foz durante 7 km aprox. e desde o lugar das Seixas unha pista á dereita lévamos en algo máis de 2 km ao cume do monte. O castelo da Frouxeira está situado a 427 m sobre o nivel do mar e del, actualmente, só se conservan algunhas ruínas incrustadas no domo granítico que o sustiña. Alí, durante 3 anos –segundo a lenda–, Pardo de Cela resistiu ao exército castelán enviado para derrotalo ata a traizón que lle custaría a vida. O mariscal foi apresado por sorpresa no salón do castelo, que foi mandado destruír tras a súa execución.

Unha vez contemplada a panorámica desde A Frouxeira –descrita na ruta dos espazos naturais e vistas panorámicas–, partimos para admirar a basílica de San Martiño de Mondoñedo (Foz) – para a que hai que seguir desde As

Seixas a LU-152 durante 2,5 km en dirección a Foz, ata o lugar de Ver e alí tomar unha estrada local que en 2 km leva á catedral. Considerada a primeira catedral de España foi sé episcopal da actual diocese de Mondoñedo desde o ano 870 a 1113. Chegou a ter 15 bispos, os máis notables san Rosendo e san Gonzalo, prelado ao que o pobo acabou chamando o Bispo Santo. Entre os seus milagres está afundir, a base de oracións, as naves normandas que atacaban a costa lucense, ademais de facer manar auga da fonte da Zapata, a carón da catedral, da que se especula que xurdiu o líquido tras un golpe da ferradura do seu cabalo ou mesmo da súa propia zapatilla. A basílica, cunha cabeceira de estilo románico lombardo-catalán, conta cun pequeno museo parroquial. Nel gárdase o sarcófago, o anel e o báculo do Bispo Santo,



Catedral.
Mondoñedo





Vista aérea de
Mondoñedo

así coma tallas procedentes de retablos e unha placa de pedra que se sospeita foi o primitivo retablo do altar románico.

O mariscal Pardo de Cela tivo o cargo de comendeiro do bispado, polo que cobraba os aforamentos dos lugares de Celeiro de Mariñaos, Galgao, Quende e Bembibre, por parte do mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 969 o conde Osorio Gutiérrez, parente do rei Ordoño III e Ramiro II, fundouno e recluíuse nel como frade tras morrer a súa muller. A fachada da igrexa dezaoitesca do mosteiro foi feita polo arquitecto Fernando de Casas y Novoa, nun traballo que foi o ensaio da súa máis famosa creación, a fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela. A Lourenzá, pasando por Celeiro de Mariñaos, chégase, desde San Martiño de Mondoñedo, volvendo ao cruzamento de Ver e seguindo cara ao leste pola LU-152 que en 4 km nos deixa na ría de Foz. Alí, sê-

guese a N-642 en dirección a Ribadeo ata que uns 4 km despois un cruzamento nos permite xirar cara a Mondoñedo pola N-634. En 4 km chegamos a Celeiro de Mariñaos e noutros 6 a Vilanova de Lourenzá.

Por esta mesma vía, nuns 8 km chegamos a Mondoñedo, destino final desta ruta. Apresado o 7 de decembro de 1483, tras 3 anos de belixerancia militar contra o Reino de Castela e Aragón, o mariscal foi condenado a execución pública en Mondoñedo, capital de provincia do Reino de Galicia, xunto co seu fillo e o nobre e leal señor Pero de Miranda. Pero Pardo foi executado fronte á catedral. Nun escrito manufacturado con case toda seguridade por un membro da familia dos Saavedra, alá polo ano 1515 anótase algo a propósito do seu enterramento: "...o sepultaron junto a o Pulpito do Evangeo, é porta da Capela mor da Catedral". Na praza da Catedral tamén se atopa un monólito que lembra a morte do mariscal Pardo de Cela en 1483. Se o viaxeiro chega un xoves a esta praza poderá ver o mercado semanal e, se o fai en agosto e na data exacta, atoparase cun retorno ao pasado de Mondoñedo, xa que se celebra un mercado medieval que lembra todos os oficios artesanais da idade media.

Outro dos lugares relacionados directamente coa lenda do mariscal é o barrio mindoniense dos Muíños. Nel sitúase a antiga

ponte dos Ruzos, que pasou a chamarse a partir do que segue, ponte do Pasatempo. Segundo a lenda, dona Isabel de Castro, esposa de Pardo de Cela, que volvía a Mondoñedo dez días máis tarde cun indulto real, foi retida á entrada da cidade polos secuaces de Fadrique de Guzmán, bispo de Mondoñedo, inimigo mortal do mariscal. O bispo traidor mandou entreter nesta ponte a dama mentres se apuraba a execución na praza da Catedral.

"Ruta do Ferro"

Pola súa abundancia e variedade, o patrimonio industrial é un tipo de legado destacado e fundamental para A Mariña. Dentro deste, o de máis relevancia é o relacionado coa extracción, transporte e transformación do ferro. A xeoloxía mariñá, rica en minerais de ferro, posibilitou o desenvolvemento dunha industria extractiva e transformadora que foi evolucionando co paso

dos séculos e aproveitando as comunicacións cos depósitos e coa industria do resto da cornixa cantábrica.

Entre os puntos de extracción destacan as minas da Silvarosa (Viveiro) e Vilaoudriz e O Boulloso (A Pontenova). Atopamos certo número de ferrarías, que a pesar de que están, en xeral, en bastante mal estado -ou practicamente desaparecidas-, constitúen un conxunto patrimonial que cómpre valorar. Existen algunhas que xa forman parte de exposicións permanentes: Bravos (Ouro) e Bogo (A Pontenova). Outro elemento clave de transformación do mineral son os fornos de limonita da Pontenova e da Boullosa. Recuperados para a exposición ao público, son un símbolo para a bisbarra e a historia industrial de Galicia. Por último, a estrela do patrimonio industrial é a Complexo de Sargadelos, por historia e por significado como fito industrial en



Ferrería
do Bogo.
A Pontenova



Galicia e mais en España. Non debemos esquecer os medios de transporte e carga do mineral como os embarcadoiros de Ribadeo e de Viveiro, o ferrocarril de Vilaoudriz a Ribadeo ou o lamentablemente desaparecido cable aéreo da Silvarosa.

Con todo, o patrimonio industrial da Mariña non queda soamente no aproveitamento do ferro. Existe un amplo legado histórico de iniciativas protoindustriais e industriais que merece ser admirado: centrais hidroeléctricas de inicios de século XX como a de Chavín, antigas fábricas de tecido, a fábrica de vehículos de Viveiro, a famosa Aduana de Ribadeo; e todos aqueles testemuños relacionados co mundo do mar, como o baleeira de Morás (Xove), as cetarias de Rinlo, as fábricas de salga-deira do Vicedo e de San Cibrao ou a carpintaría de ribeira desta última vila. Todos estes establecementos suman unha impor-

tante rede de legado patrimonial chamada a formar parte dunha ruta de extraordinarios valores históricos e tecnolóxicos.

O municipio da Pontenova é o punto de partida. Desde alí, podemos empezar visitando as minas Vilaoudriz, a pouco máis de 1 km seguindo a LU-704, nas que se conservan extraordinarias galerías interiores con lagos, cortes espectaculares e materiais e infraestruturas mineiras. Seguindo esta vía, noutros 10 km chégase á ferraría de Bogo, que forma parte dun proxecto museístico. Este establecemento ferreiro ten un grande interese etnográfico e conserva en bo estado o conxunto arquitectónico relacionado con esta actividade protoindustrial. Aínda que o edificio pertence á parroquia de San Pedro de Bogo, en realidade o establecemento está en territorio da parroquia de Vilaboa. Aproveitaba o mineral da zona, posiblemente mesturado co de

Somorrostro. Un incendio acabou coa súa actividade definitivamente.

De volta na Pontenova, podemos gozar cos fornos de mineral, símbolo industrial da Galicia de principios de século XX. Os ladrillos que se utilizaron para a construción destes saíron da fábrica de Sargadelos. Teñen 11 metros de altura e 4 de diámetro superior no tronco de cono que conforman, contan con catro portas na parte baixa e un cono de fundición con aletas de distribución. O primeiro data de 1902, o segundo de 1903, o terceiro de 1912 e o seguinte de pouco despois. As instalacións mineiras que existen na Boullosa pódense visitar partindo da vía verde do ferrocarril mineiro. Alí existiron 3 fornos de calcinación dos que só queda un en bastante bo estado. Tamén permanecen os muros das instalacións anexas aos fornos.

O tren de vía estreita tiña 34 km de lonxitude e 1 metro de ancho entre os raís e unía as minas de Vilaoudriz e O Boulloso co cargadoiro de mineral de Ribadeo. As obras comezaron en 1902 e funcionou desde 1903 para mercadorías e 1905 para viaxeiros. Estivo activo ata 1964. Serviu para exportar o mineral das minas desde o porto de Ribadeo con destino a Rotterdam, Ardrosan, Swansea ou Glasgow. Existían catro estacións -Vilaoudriz, San Tirso, Porto-Vaga e Ribadeo- e outros catro apeadeiros. A estación de Vilaoudriz pretén-



Complexo de Sargadelos. Cervo

dese recuperar mediante fondos AGADER. O trazado na Pontenova está sinalizado pola Dirección Xeral de Turismo como vía verde.

En chegando a Ribadeo, o embarcadoiro de mineral permite observar unha espléndida vista sobre a ría e as terras asturianas próximas. Era o final da vía férrea.

Para a seguinte parada principal desta ruta cómpre seguirmos desde Ribadeo a N-634 durante 18 km ata Barreiros e logo seguir 25 km pola N-642 e C-642 en dirección Ferrol ata Cervo, onde nos desviaremos ata o antigo Complexo siderúrxico de Sargadelos na parroquia de Santa María de Sargadelos. Autorizado en 1791 e posto en marcha en 1794 cun alto forno instalado polo enxeñeiro suízo Richter, foi o símbolo industrial de Galicia durante moito tempo. Empezou como fábrica de potes e alto forno para a confección de todo tipo de ferraxes, e axiña obtivo o beneplácito estatal



para a fabricación de armas e municións. Acabou pechando en 1875 antes ca moitas ferrarías tradicionais, a pesar de ser unha industria moi avanzada para o seu tempo, e en 1861 contaba con dous altos fornos alimentados por carbón vexetal.

A ruta continúa ata a última parada en Viveiro, a onde se chega seguindo a vía principal que traíamos durante outros 17 km. Despois de cruzarmos a ponte sobre o Landro, desde Covas cómpre ascender algo máis de 3 km por pistas locais ata os altos da Silvarosa para visitar as minas de extracción do ferro. As antigas instalacións mineiras da Silvarosa, localizadas na parte occidental do municipio de Viveiro, teñen a orixe da súa actividade en 1893. O seguinte punto de interese é o do embarcadoiro

do mineral, ao que se chega volvendo a Covas e seguindo a C-642 en dirección a Ferrol durante 2 km para desviarse á dereita por unha pista local que leva á terminal do embarcadoiro en menos de 1 km. Este foi recuperado a finais do século pasado. Alí chegaban as vagonetas co mineral de ferro da Silvarosa para o seu embarque e exportación estatal e internacional. Baixaban estas desde os altos da mina por un cable aéreo de 5 km de lonxitude.

Entre calquera dos puntos principais citados é posible facer rutas alternativas para ir visitar outros puntos de interese polo patrimonio industrial que presentan. Por exemplo, desde A Pontenova pódese ir ao mazo e á área de interpretación ferreira de Ferreiravella en Riotorto, para o que se toma a N-640 en dirección

a Lugo durante 1,5 km e desvíase un pola LU-124 para chegar ás Rodrigas en algo máis de 6 km e finalmente alí tomar pola CP-55-01 que en algo máis de 5 km nos deixa no citado lugar. Ao longo da costa entre Ribadeo, Cervo e Viveiro, pódense visitar, en desvíos de escasa quilometraxe, ruínas salgadeiras, antigas cetarias e mesmo algunha fábrica baleeira, entre outros recursos. Desde o embarcadoiro do mineral de Viveiro, se non se quere dar por concluída a ruta, pódense visitar no Vicedo, a 10 km, as salgadeiras da capital municipal. Desde a vila viveirense, en algo máis de 6 km -ver a ruta dos espazos naturais- chegamos ao antigo complexo industrial de Chavín, como mini-central hidroeléctrica de principios do século XX, antigas fábricas de tecidos e o pasado industrial da fábrica de coches, e en só 10 km estaríamos na ferraría de Bravos, en Oural.

Ruta do Camiño Norte de Santiago

O antigo Camiño Norte de Santiago no tramo de Ribadeo a Mondoñedo cara a Santiago de Compostela conflúe no municipio de Lourenzá, a través de dous ramais:

Un deles entra en Galicia a través da Ponte dos Santos en Ribadeo e tras pasar pola igrexa da Ponte, cos seus interesantes frescos murais, continúa polo municipio de Barreiros ata Lourenzá, pasa pola capela da Santa Cruz e atravesada a antiga Ponte da Pedra.

O outro ramal entra desde o fondo da ría de Abres, cara a Trabada e, ascendendo ata a capela de San Marcos, descende posteriormente ata Lourenzá.

Despois de chegarmos a Lourenzá, o camiño de Santiago continúa ata Mondoñedo.



Vista aérea de Mondoñedo



Artesanía

A Mariña ten un referente histórico de artesanía, trátase das cerámicas de Sargadelos, produto de extraordinario valor e recoñecemento fóra de Galicia. A antiga fábrica de louza de Ibáñez converteuse nun centro de arte da man de Luís Seoane e de Isaac Díaz Pardo, á súa vez apoiados por unha ampla listaxe de literatos, artistas e científicos. Trátase do Laboratorio de Formas de Galicia, que desde 1970 se erixiu nun referente cultural e artístico que segue hoxe en día producindo vaixelas e outros útiles de enxoval, ademais de numerosas figuras decorativas cuxo deseño e calidade son extraordinarios. Moitas destas pezas fan referencia á historia e á etnografía de Galicia, polo que ademais de atesourar un grande atractivo visual teñen un importante significado cultural para esta terra.

Como herdanza da gran tradición secular de transformación do ferro que existe en toda a bisbarra, da que dan testemuño os documentos históricos e as ruínas de numerosas ferrarías, queda hoxe unha actividade a cabalo entre a industria tradicional e a artesanía. Trátase dos ferreiros que, a pesar de que contan con efectivos en varios municipios, teñen como centro indiscutible o concello de Riotorto. Alí, en Ferreiravella, nas Rodrigas, en Espasande e noutras aldeas aínda quedan máis de 20 ferreiros traballando nos seus pequenos talleres todo tipo de pezas, útiles ou decorativas, que despois venden polas feiras de toda Galicia e nos mercados urbanos máis importantes. Adaptados á demanda de novos produtos, non só realizan, coma antano, apeiros de labranza, senón tamén elementos de artesanía e pezas de deseño para cubrir novas necesidades. Sen publicidade, nas súas vellas forxas que parecen ancoradas noutra época, estes artesáns seguen dándolle vida a unha profesión case desaparecida e demostrando que aínda é útil.

Ademais destas dúas actividades, A Mariña conta con toda unha serie de artesáns, dispersos polo territorio, moitos en lugares apartados das áreas máis turísticas e buliciosas e que seguen desenvolvendo as súas



calidades como actividade profesional ou como ocupación. Existe así cestería e artesanía dos tecidos no Valadouro e en Mondoñedo, oleiros na propia vila mindoniense, en Cervo e en Viveiro, artesáns da madeira en Frexulfe e Cervo, e zoqueiros no municipio do Valadouro.

En Mondoñedo, no barrio dos Muíños, preto da ponte do Pasatempo desenvólvese desde o ano 2004 unha interesante actividade artesanal orientada cara á recuperación da cultura popular e aberta ás actividades turísticas. Únense a tradición e a modernidade e empregan diferentes técnicas de traballo para alcanzar excelentes produtos en madeira, cerámica, fotografía, cartón, téx-

tiles e repostaría. Existe unha vertente de investigación e recompilación de antigas tradicións para alimentar constantemente esta iniciativa. Trabállase o liño e fanse monicreques, pastelería diversa e zocas, entre outros produtos.

A Mariña tamén conta cunha feira de artesanía, que cobra peso ano a ano, e que se celebra en Burela a primeira fin de semana de agosto, coincidindo coa feira do Bonito. Esta celebración, que se denomina Produart,

céntrase nos produtos artesanais e ecolóxicos, tanto da bisbarra coma de diversos lugares de Galicia e do exterior da nosa comunidade. Entre os sectores representados destaca o dos produtos alimentarios, naturais e ecolóxicos, artesanais e complementos, terapias alternativas e hábitat, e cada vez cobra máis importancia a bioconstrución, con representación mariñá, que busca recuperar todo aquilo positivo que achegaba o mundo tradicional.

Tamén é posible atopar artesanía da bisbarra nos mercados medievais, nas feiras tradicionais e nas festas gastronómicas que se celebran ao longo de todo o ano nos diferentes municipios da bisbarra.





Gastronomía

Nun territorio coma o da Mariña, que goza de costa, feraces vales e serras litorais de prezados pastos, a variedade de produtos e cociñas ten que ser ampla. A gastronomía é rica, pois, en pratos do mar e da montaña, en produtos agrícolas, gandeiros e pesqueiros, algúns deles referencia de importantes feiras e festas ás que se achegan visitantes desde puntos próximos e distantes. De feito, case a metade dos turistas da Mariña recoñecen que un dos seus motivos principais de visita é o de obxectivo gastronómico.

Os produtos do mar son, quizais, o principal recurso para amenizar os pratos distintivos da bisbarra. Aí está a pescada do pincho, motivo dun recoñecemento anual en Celeiro e que, como produto de primeira calidade é cobizada nos principais mercados estatais. En San Cibrao, cunha envexable costa acantilada próxima, preferiron centrarse nos produtos de rocha, como o ourizo de mar e o mexillón, que tamén gozan de concentracións anuais aínda que son produtos habituais na gastronomía da zona. Os bancos arentos da ría do Barqueiro e do Vicedo levaron a exaltar a cadelucha, un molusco de escasa produción en España e sabor exquisito que os produtores desta ría cociñan dun xeito sinxelo para que o seu sabor sexa o máis evidente posible. Burela, o principal porto boniteiro do Cantábrico, celebra unha famosa feira para degustar este túnido de diversas maneiras como en empanada, en conserva, á brasa, cocido ou en salpicón. En Foz é posible degustar bos berberechos cuxa tradición está establecida polas posibilidades que os bancos de finas areas e lamas da ría lle dan a este molusco. En Rinlo, municipio de Ribadeo, onde existen antigas cetarias tradicionais das que se extraía marisco aproveitando os es-



treitos entrantes rochosos que existen nos seus acantilados, ten sona o arroz con lumbrigante. No extremo oriental da bisbarra, Ribadeo achega a súa tradicional preparación do polbo, abundante nos acantilados da súa costa rochosa e tamén é posible comer boas luras nalgúns restaurantes tradicionais.

No interior son os produtos agrícolas e gandeiros os que teñen maior importancia. Nos territorios do interior é posible deleitarse con carnes dun gusto extraordinario, pero tamén se elaboran bos produtos relacionados coas actividades máis tradicionais, como o mel e as castañas, nas que destaca o municipio do Valadouro.

A riqueza piscícola dos ríos Sor, Landro, Ouro, Masma e Eo e, en menor medida, dos pequenos cursos do Xunco e o Cobo, fai que este recurso cinxético tamén ategue interesantes posibilidades gastronómicas coa captura do reo, a anguía, o salmón e a troita. Na Pontenova celébrase todos os anos un concurso de pesca que remata nunha festa gastronómica multitudinaria.

O produto de val máis interesante e de maior transcendencia territorial é a faba, principalmente no val do río Masma, nas proximidades de Lourenzá. A chamada faba de Lourenzá é unha faba tipo "granxa", concretamente "gandecha", que atopa un dos seus mellores hábitats na parte máis oriental de Lugo. É un comestible de recoñecido prestixio que conta cunha denominación de orixe cuxa área xeográfica abrangue toda a Mariña lucense. Tamén atesoura un centro de interpretación en Vilanova e unhas feiras concorridas onde a gastronomía é,

por suposto, o prato central destacando, pola súa orixinalidade, as degustacións de fabas con xamón e a empanada de fabas.

Tamén se celebra en Mondoñedo unha festa que venera a empanada, esa elaboración galega que fai as delicias de moitos comensais e que en Mondoñedo sobresaen, pola súa demanda, as de bonito e as de zorza, ademais de ser famosa a forma de media lúa con que se elaboran de xeito tradicional. Unha das sobremesas de máis sona na comarca é a Torta de Mondoñedo, torta de amendoas que se fixo de maneira tradicional en toda A Mariña pero que da man do Rei das Tartas acadou o seu centro vital en Mondoñedo e unha fama extraordinaria fóra de Galicia.

Para rematar, non hai que esquecer que nas numerosas romarías que existen na bisbarra é posible degustar algúns destes produtos cociñados á maneira tradicional do lugar.



galicia



XUNTA
DE GALICIA